

## Así foi o segundo trimestre

Cando remata o trimestre facémosvos chegar este documento, co que pretendemos contarvos o máis destacable que tivo lugar ó longo destes meses. Esta información é o complemento da reflexión levada a cabo polos vosos fillos/as no boletín 'as novas da escola' que eles mesmos elaboraron.

Lembrede que tedes máis información, acompañada de fotografías, na **páxina web** do centro <http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantoniocervino> (no recanto de INFANTIL 2), nela poderedes atopar a totalidade dos traballos realizados, que como observaredes son moitos máis dos que levan no seu dossier trimestral para casa, así como unha explicación de cada un deles.

Comezamos o trimestre rematando o noso proxecto de **investigación sobre os dinosauros**, construíndo un **museo** cos nosos descubrimentos e facendo unha reflexión sobre todo o que foron aprendendo durante o proceso.



Como puidéstedes comprobar, iniciamos o uso da nosa '**axenda**', na que os vosos fillos e fillas foron contando ós feitos relevantes que sucederon ó longo dos días. Con ela, ademáis de traballar aspectos relacionados coa aproximación á lecto-escritura, facemos un achegamento á noción do paso do tempo, asociado a feitos acontecidos na súa vida cotiá..



Traballamos aspectos relacionados co respecto ós demais e expresión de sentimentos ó longo de todo o curso, pero de feito especial durante a celebración do '**día da paz**', onde elaboramos un mural, xunto ós compañeiros/as da outra aula, con todo o que podiamos dar (unha aperta, un consello, axudar...). O traballo en equipo, conceptos de organización espacial, coñecemento da serie numérica así como outros aspectos relacionados coa aproximación á lecto-escritura, foron tamén traballados ó longo desta tarefa.



Continuamos a celebrar os **cumpreanos** dos diferentes compañeiros/as, elaborando unha tarta cada mes por parte dos homenaxeados. Con esta actividade traballamos cos ingredientes, cantidades de cada un deles, os pasos para a elaboración da receita... plasmando todo elo por escrito, facendo un uso funcional das hipóteses e estratexias que, en canto á lecto-escritura están a adquirir segundo o seu ritmo madurativo.





Coa chegada do **Entroido** investigamos sobre esta **celebración tradicional en diferentes lugares de Galicia**, empregando estratexias de observación e dedución e empregando o diálogo como fonte de coñecemento.

Por outra banda, participamos tamén na celebración organizada polo centro 'O Meco manda', para a que contamos coa vosa inestimable colaboración, que queremos agradecer.

Elaboramos tamén as **caretas para o noso disfraz de choqueiro** empregando diferentes técnicas plásticas, que permitiron que os nenos e nenas puidesen desenvolver a súa creatividade.



Traballamos tamén cos **axentes meteorolóxicos**, ademáis de nas rutinas diarias, elaborando uns móbiles xigantes de forma 'colaborativa' en pequenos grupos de compañeiros/as, nos que tiveron que desenvolver estratexias de traballo en grupo que lles permitisen levar a cabo a tarefa encomendada. Traballamos tamén aspectos lóxico-matemáticos, como as nocións de cantidade, máis/menos así como as dimensións de altura e lonxitude.

lonxitude.



Un dos traballos ós que adicamos máis tempo, foi á nosa 'participación no **Salón do Libro infantil e xuvenil de Pontevedra**', adicado este ano ás máquinas. Xunto ós compañeiros/as da outra aula e de quinto curso, elaboramos un traballo para a exposición. No noso caso tratouse dun libro de **inventos elaborados con materiais da vida cotiá**, un proceso no que, en equipos, tiveron que desenvolver a súa creatividade así como diferentes estratexias para a construción das súas máquinas de forma coordinada.

Ademáis tamén empregaron aspectos de lóxica-matemática así como o uso funcional da lecto-escritura, na descripción dos materiais empregados e o seu funcionamento, que cada equipo 'escribiu' no libro. (Podes ver este libro así como todo o proceso na web do centro).



Todo este traballo tivo como colofón a nosa **visita ó Salón do libro**, onde participamos en actividades de contacontos, vimos a exposición e aprendemos moito sobre as máquinas. Pero sobre todo supuxo un momento de convivencia co resto dos compañeiros/as.

Marzo 2013